



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica, durante o ano 2026 (DP0042B/2026)

ANUNCIO

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica, durante o ano 2026, cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS E ASOCIACIÓNS DE MULLERES, SEN ÁNIMO DE LUCRO, DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA NO ANO 2026 (DP0042B/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción Económica e Emprego
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para a realización de investimentos de promoción económica no ano 2026, con dous eixos: Eixo 1: Dirixido ás asociacións veciñais Eixo 2: Dirixido ás asociacións de mulleres
Beneficiarios	Asociacións veciñais e asociacións de mulleres da provincia da Coruña e sen ánimo de lucro.
Programa	DP0042B/2026
Aplicación orzamentaria	0510/4142/781
Importe da convocatoria	200.000€: Eixo 1: 100.000€ Eixo 2: 100.000€ Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria. De igual xeito, poderase traspasar o crédito sobranante nun eixo, de ser o caso, para incrementar o crédito dispoñible do outro eixo.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo: 1.250,00€ Máximo: 35.000,00€
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo: 1.000,00€ Máximo: 28.000,00€
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gasto subvencionables
Coefficiente de financiamento	Variable entre 20% e 80 %
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña .

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán estas subvencións ven constituído polo establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e na seguinte normativa específica:

- Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación

A presente subvención está incluída no Plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1.-Obxecto

O **obxecto** da presente convocatoria destinarase á realización de investimentos tendentes a dinamizar a participación, estimular a cohesión social, potenciar as condutas cívicas, favorecer a integración, loitar contra o despoboamento rural, así como mellorar a calidade de vida das persoas, por parte das entidades sen ánimo de lucro que forman parte dos seguintes ámbitos

Eixo 1: *Dirixido ás asociacións veciñais*

Destinarase á realización de investimentos por parte das asociacións veciñais: Execución de obras ou equipamentos de interese xeral no ámbito parroquial, municipal ou comarcal, tales como: Saneamento, abastecemento de auga; acondicionamento de camiños; iluminación pública; reforma e mellora de inmobles da súa titularidade; adecuación dos locais para mellora da accesibilidade, instalación e equipamento contra incendios e seguridade interior, adecuación das instalacións eléctricas; adquisición de mobiliario ou equipamento informático, etc.

Eixo 2: *Dirixido ás asociacións de mulleres*

Destinarase á realización de investimentos por parte das asociacións de mulleres: Reforma e mellora de mellora de inmobles da súa titularidade; adecuación dos locais para mellora da accesibilidade, instalación e equipamento contra incendios e seguridade interior, adecuación das instalacións eléctricas; adquisición de mobiliario ou equipamento informático; compra de materiais de uso técnico e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade, etc.

2.2.- Finalidade

No ano 2026, no contexto dunha realidade social, económica e cultural derivada da situación de desaceleración da economía mundial, como consecuencia de múltiples crises ás que se enfronta (transición enerxética dirixida a eliminación dos combustibles fósiles, as forzas do cambio climático, os conflitos en solo europeo, as ameazas derivadas das novas variantes do COVID 19, etc), a sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio e promoción do movemento asociativo veciñal, de colectivos de mulleres e a participación da cidadanía, de modo que se facilite a labor das asociacións de veciños e de asociacións de mulleres da provincia da Coruña, co obxecto de dinamizar a participación, estimular a cohesión social, potenciar as condutas cívicas, favorecer a integración, loitar contra o despoboamento rural, así como mellorar a calidade de vida das persoas.

2.3.-Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes que sexan expedidos antes do **16 de xaneiro de 2027**.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar unha prórroga para a realización do investimento despois dunha petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o **15 de decembro de 2026 ás 14:00 h**.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos poderán incluírse os realizados con posterioridade ao **31 de decembro de 2026, con data límite para expedir os xustificantes do 15 de abril de 2027**

Base 3. Solicitantes

A presente convocatoria vai dirixida a entidades sen ánimo de lucro, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, ou que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia e que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude:

Asociacións veciñais e asociacións de mulleres.

Entidades excluídas:

Agrupacións de voluntarios, asociacións de cazadores, comunidades de montes, entidades gandeiras, agrícolas e forestais, entidades medioambientais, asociacións culturais e deportivas, comunidades de usuarios de augas Asociacións profesionais, cámaras de comercio, centros comerciais abertos. Calquera entidade que estea participada directamente (GALPGDR...) por calquera administración pública ou aquelas que concorran a outras subvencións da Deputación da Coruña do mesmo ano.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1.-Gastos subvencionables no programa DP0042 /2026:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL
211	Construcións
212	Instalacións técnicas
215	Outras instalacións
216	Mobiliario
217	Equipos para proceso de información
219	Outro inmovilizado material (materiais de uso técnico e artístico)

4.2.- Gastos excluídos:

- As obras, fases de obra e investimentos que non sexan susceptibles de entrega ao uso público.
- Os gastos de asociacións de cazadores.
- Os gastos das agrupacións de voluntarios de protección civil.
- Os gastos de protectoras de animais.
- Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.
- As páxinas web.
- Os investimentos no patrimonio arquitectónico.
- Os gastos financeiros.
- Elementos de transporte.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son **compatibles** con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son **incompatibles** con outras subvencións desta Deputación, agás as subvencións que poidan ir dirixidas a asociacións de veciños de concellos de menos de 50.000 habitantes e asociacións de mulleres da provincia da Coruña, para a realización de actividades coas que serán **compatibles**.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede

electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica ou na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, as persoas beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Período mínimo de adscrición do ben aos fins previstos:

As entidades beneficiarias quedan obrigadas a destinar os ben aos fins concretos para os que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de construcións ou instalacións, ou de dous anos, no caso de bens de equipamento.

7.2- Licenzas e autorizacións preceptivas:

As entidades deberán de contar coas licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio artístico e do medio ambiente. No seu caso, as ditas licenzas e autorizacións serán requiridas na xustificación da subvención.

No caso de obras ou instalacións, as entidades solicitantes deberán indicar a propiedade ou dereito real que se posúen sobre o ben inmovible (propiedade, arrendamento con especificación do prazo de vixencia, cesión etc.). No caso de que a entidade beneficiaria non sexa a propietaria do inmovible deberá achegar tamén a autorización do propietario para a realización das obras ou instalacións obxecto da subvención.

7.3.- Difusión do apoio da Deputación:

7.3.1.- As entidades solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación, e de calquera outra fórmula de difusión tipo slogan ou imaxe de campaña, nos soportes de difusión dos investimentos subvencionados, facendo constar ao seu carón o texto: “Investimento subvencionado pola Deputación da Coruña”.

7.3.2.- As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

7.3.3.- As entidades solicitantes, na difusión dos investimentos subvencionados en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Promoción Económica da Deputación: @DACPromoción na rede social X e <https://www.facebook.com/dacpromocion/> no FACEBOOK.

7.3.4.- As entidades solicitantes deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man ou calquera outro soporte de difusión) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1.- Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, e segundo o procedemento de concesión provisionale concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e será aprobada por resolución da presidencia.

8.2 Valoración das solicitudes

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, crearase unha comisión técnica con persoas de recoñecida traxectoria no ámbito de promoción do movemento asociativo veciñal, de colectivos de mulleres e da participación da cidadanía, obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar. Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

A entidade deberá completar todos os apartados da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

8.2.a.-Conceptos de valoración:

Coeficiente de financiamento derivado da solicitude	Ata 50 puntos
Número de socias e socios da entidade	Ata 10 puntos
Interese da proposta presentada: Valorarase por una comisión técnica, que emitirá un informe motivado, tendo en conta os seguintes aspectos: · A calidade e solvencia técnica da proposta.O impacto da actividade na loita contra a despoboación no medio rural. mpacto social do investimento A Comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda e terá acceso á documentación necesaria para a súa valoración.	Ata 40 puntos: · A calidade e solvencia técnica da proposta. O impacto da actividade na loita contra a despoboación no medio rural ata 20 puntos · Impacto social do investimento ata 20 puntos

Base 9. Xustificación e pago

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2027, ás 14:00 horas**.

Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 16 de maio de 2027, ás 14:00 horas.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na vixente Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases .
- No caso de que algunha das actividades que desenvolve a entidade implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintas empresas provedoras, no caso de que contrate cunha mesma empresa provedora un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) pola adquisición de equipamentos/subministracións, ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, e a seleccionar un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- A entidade que represento, no caso de solicitar axuda para unha obra que se desenvolva en fases, deberá numerala e indicar as xa executadas, así mesmo comprometerse a que a fase para a que solicita a axuda sea susceptible de utilización independente.
- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles/construcións ou de dous anos no caso doutros bens.
- A entidade que represento comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio ambiente.

Documentación:

- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos da entidade e do número de persoas asociadas
- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.
- Memoria da solicitude
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo

- Documentación acreditativa da titularidade ou dereito real existente sobre o ben para o que se solicita o investimento.
- No caso de que a entidade solicitante non sexa a propietaria do inmovible, autorización da persoa propietaria para a realización das obras obxecto da subvención.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nestas bases.
- No caso de que algunha das actividades que desenvolve a entidade implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- A entidade que represento comprométese a destinar os bens aos fins concretos para os que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmobles, ou de dous anos, para o resto de bens.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas Bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento **acepta** a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (**esta declaración suporá unha redución do importe da sanción dun 90%**).

Documentación xeral

- Acreditación da representación, delegación e cargos da entidade, no seu caso.
- Memoria xustificativa
- **Relación clasificada dos gastos realizados:** Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da actividade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.

En cada gasto rexistrado deberá anexarse a factura ou documento xustificativo correspondente ao dito gasto.

- Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron ingresos para mesma finalidade.
- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- No caso de que se contrate cunha mesma empresa provedora un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso de subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras: Copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Proba documental (acreditación gráfica, mediante fotografía, imaxes...etc), do cumprimento das obrigas de difusión do apoio da Deputación e do uso da lingua galega contempladas nas Bases, e de ser o caso, de non ter páxina web e/ou de redes sociais, declaración de non dispoñer delas.

Segundo a natureza do investimento, deberán achegar a seguinte documentación:

No caso de equipamento:

- Certificación da súa recepción, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no inventario da entidade.
- Fotografía do/s investimento/s.

No aso de obras ou instalacións:

- Autorizacións ou licenzas preceptivas, no seu caso.
- Proxecto técnico ou memoria valorada cando as normas específicas o requiran.
- Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.
- Acta de recepción, identificando as obras realizadas.
- Proba documental (fotografía e, de ser o caso, calquera outro medio de proba: Planos, etc..., que evidencien a situación anterior do investimento e a situación tras levar a cabo o investimento).

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de asignar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

A Coruña, a 10 de novembro de 2025

Presidente da Deputación Provincial da Coruña
VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

Secretario xeral
MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ

2025/7455